

Son catorce as cantigas, de escarño e de mal-dizer, que gardan os Cancioneiros, algunhas de subida coor. Teñen o valor de presentar, en fortes pinceladas escarniñas, o cadro dunha sociedade, dunhas xentes e duns momentos moi interesantes.

MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Manuel.—Naceu en Azuqueca de Henares, da provincia de Guadalajara. Veu de moi novo a Galicia, onde se educou. Coursou a carreira de Dereito na Universidade de Santiago. Despois de lle dar remate, entrou por oposición no Corpo de Notarías. Exerceu a profesión en varias localidades do país.

Publicou unha chea de poemas en periódicos galegos, e deixou inéditas moitas composicións. Poseía os recursos propios da súa época. En *A volta do soldado*, peza de poesía narrativa, baseouse en motivos de tipo social. Editou un libro en 1883 co título de *Poemas gallegos*, seguidos dun tratado «sobre o modo de falar e escribir con propiedade o dialeuto». Fóra dos que nel figuran, hai que mencionar *A fiada*, que ven ser un cadro de costumes escrito con fluidez.

MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón.—Foi un dos fundadores, no ano 1923, do «Seminario de Estudos Galegos». Ao se reconstituir esta institución en tempos recentes, pasou a figurar como presidente da mesma. Naceu na vila coruñesa de Boiro o 4 de abril do 1907. Coursou as carreiras de Dereito e de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. Obtivo o doutoramento da primeira na de Madrid. Gañou a cátedra de Lingua e Literatura Española de Institutos de Segundo Ensino, que desempeñou en Lugo. Opositou despois á da mesma disciplina no Instituto de España en Lisboa. Ao rematar a guerra civil exiliouse a Francia e á Arxentina. Finalmente, exerceu como

catedrático de Filoloxía Hispánica na Universidade norteamericana de Texas. Ao se xubilar regresou a Galicia, fixando a súa residencia en Compostela. Finou o ano 1989.

Fixo unha edición, con notas e vocabulario, da *General Estoria*, versión galega do século XIV. Publicou algúns contos como *Probe de min e máis de outro*. Escribiu sobre *A vida da Bretaña*, e unha chea de artigos ao redor de figuras da nosa cultura. É autor, ademais, dun interesante ensaio que titulou *Nova ollada aos Cancioneiros*, aparecido na revista «Grial».

MARTÍNEZ MARZOA, Felipe.—É natural de Vigo, onde viu a luz primeira o 8 de outubro do 1943. Coursou a carreira universitaria, e especializouse en Historia da Filosofía. Obtivo despois o doutoramento na Universidade Complutense de Madrid. Exerceu o profesorado, na materia da súa especialidade, no Colexio Universitario vigués. Na actualidade é catedrático da Universidade Autónoma de Barcelona.

Editou en galego dous volumes, de tema orixinal no mundo da nosa cultura: *Ensaio marxistas*, e *(Re)introducción ó marxismo*. Traduciu tamén do grego á lingua do país, *Antígona* de Sófocles.

MARTÍNEZ MURGUÍA, Manuel.—É unha das figuras máis sobranceiras do Rexurdimento galego. Naceu o 17 de maio do 1833 no lugar de Froxel, do concello coruñés de Arteixo. A súa nenez decorreu na Coruña e en Santiago, onde o seu pai era boticario. Coursou estudos da carreira de Farmacia nas Universidades de Compostela e de Madrid, pero nonos rematou. Establecido nesta última cidade, adicouse a colaborar na prensa. Casou con Rosalía de Castro en 1868. De regreso en Galicia, orientou o seu labor aos estudos históricos, significándose